

ALDAOLADO

CRÍA FAMA E BOTATE A CORRER

Tras o seu paso polo Luar, Aldaolado reflexionan sobre as virtudes e baixezas da fama. E que mellor lugar para facelo que sobre os escenarios e con este novo espectáculo onde as poetas se reinventan a si mesmas, airean as súas vergoñas antes de que o fagan nas revistas de papel cuché e comparten cos asistentes os poemas que as sacarán de pobres e aqueles que merecen os máis escuros agochos. Cría fama e bótate a correr sérvese da unión de poesía, música en directo e humor que caracteriza o dúo, pero nesta ocasión achega novas cancións, poemas inéditos e inesperadas sorpresas para quen desexe emocionarse e rir nunha velada que é moito máis ca un recital de poesía.

Aldaolado son Lucía Aldao e María Lado, poetas de consolidada carreira, que no 2005 uniron os seus nomes e os seus esforzos para dar lugar a este dúo orientado á poesía escénica, co que conseguiron facer do recital un acto atractivo, próximo e divertido para todo tipo de público, mesmo aquel que nunca leu poesía. A súa espontaneidade e complicidade en directo é a base sobre a que crearon case unha ducia de espectáculos. Con eles actuaron en centos de escenarios do máis variado, tanto en Galiza como máis aló das nosas fronteiras. Tamén lles dou tempo de facer unha boa morea de fans aos que queren render homenaxe nesta nova montaxe.



Este espectáculo vai orientado á dinamización social da lingua galega e está orientado a favorecer a vivencia positiva do noso idioma propio, a estima e valorización individual e social deste e o combate aos tópicos e prexuízos que afectan á súa normalización social.

BIO ALDAOLADO

Lucía Aldao e María Lado compoñen o dúo Aldaolado, co que levan máis de dez anos achegando a poesía de maneira diferente a espectadores de todo o país. Os seus recitais son auténticos espectáculos que unen a lectura de poemas propios, humor e música en directo, con moita frescura e unha importante participación do público. Son a comunión perfecta entre emoción e risa, e con eles estiveron presentes en festivais, festas, centros de ensino, concellos, teatros, bares e todo tipo de escenarios e eventos.

As dúas poetas son autoras dunha ampla obra, inédita no caso de Aldao e editada en seis poemarios no caso de Lado, e ámbalas dúas contan con sobrada experiencia sobre as táboas, o que lles permite unir improvisación e números preparados a conciencia nas súas actuacións. Con estas armas falan do amor, da lingua, da muller, das súas propias experiencias como creadoras, do tempo que lles tocou vivir... Un Aldaolado é sempre unha celebración da poesía, da ledicia e da vida e unha demostración de como un poema pode mudar (un pouco) a realidade.

María Lado é escritora e ten unha forte vinculación co teatro, onde desenvolveu traballos de actriz e realizou varias adaptacións de textos para a escena. Como poeta ten seis títulos publicados: *A primeira visión* (1997) *casa atlántica*, *casa cabaret* (2001), *Berlín* (2005), *nove* (2008), *Amantes* (2011) e *Oso, mamá*

si?(2015). Publicou tamén o guión da radionovela *Novembro*, producida pola Radio Galega en 2006 e o libro infantil *Porque Cuqui non quere ir á lavadora* (Apiario, 2014).

Como actriz traballou recentemente no espectáculo *Oeste Solitario* de Producións Teatrais Excéntricas e nas montaxes infantís *As manoplas da carapuchiña*, *Os seis barbudos* e *A pota que trota*, das que tamén realizou a adaptación do texto e a dramaturxia. Dirixiu tamén as montaxes *A guerra dos números* y *As peripecias de Extravagazza Pérez* para o Salon do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra

Lucía Aldao é poeta e integrante do dúo *aldaolado*, onde realiza espectáculos poéticos coa tamén poeta María Lado desde 2005. Colaborou xunto co actor Carlos Blanco no espectáculo *Dillej*, e no programa da TVG *Somos unha potencia*, ambos dirixidos por este. Formou parte do proxecto musical *alDDao*, xunto co artista e músico Diego Delgado. Coordina o certame literario de narrativa breve do concello de Curtis desde 2009. Participou tamén durante anos cunha colaboración poética cada domingo no programa *Tres peixes voando*, da Radio Galega. Como actriz traballou nas montaxes infantís *As manoplas da carapuchiña*, *Os seis barbudos* e *A pota que trota* e *A Guerra dos números* onde ademais é compositora das letras das partes musicadas.

Video


<https://youtu.be/kRzFI233KSY>

RS

<https://www.facebook.com/lucia.aldao>

<https://www.facebook.com/maria.demallou>

CONTACTO:



La Yogurtera S.L

Oficina de Producción de Proxectos Culturais

Tel: +34 606044298

e-mail: contratacion@layogurtera.es